



Expediente 858/2022

Asunto: CARREIRA DE BURROS 2022

BASES REGULADORAS DA CARREIRA DE BURROS E DO TIRO DE CORDA PROGRAMADOS NAS FESTAS PATRONAIS DE ESCAIRÓN 2022.

O Concello de O Saviño co obxectivo de incentivar a participación cidadá e atraer ao público visitante nos actos programados para o día 9 de agosto do 2022, con motivo da celebración das Festas Patronais de Escairón, organiza un concurso que consistirá nunha CARREIRA DE BURROS nun circuíto delimitado no campo da Lama, como ven sendo tradición -ano tras ano-neste concello, e un concurso de TIRO DE CORDA.

BASES

CARREIRA DE BURROS 2022

Primeira. A carreira de burros comezará o **9 de agosto de 2022 ás 12:00 horas** e os interesados poderán inscribirse ata media hora antes (11:30 horas).

Segunda. As inscricións para participar na CARREIRA DE BURROS 2022 realizaranse o mesmo día do evento no modelo de inscrición que facilite o persoal encargado do Punto de Atención situado no campo da Lama, baixo as indicacións da concellería de Cultura.

Terceira. So poderán participar como xinetes persoas maiores de 16 anos. As persoas menores de 18 anos terán que formalizar a inscrición acompañadas de pai/nai ou titor legal, presentando o documento nacional de identidade de ambos.

Os burros poderán ser montados polo dono ou por calquera outro xinete autorizado polo dono do animal.

Cuarta. Un equipo de veterinarios encargarse de supervisar a saúde de todos os animais participantes na CARREIRA DE BURROS. Todos os burros deberán estar identificados con microchip.

As persoas propietarias ou autorizadas deberán presentarse cos seus animais antes das 11:00 horas, na Devesa de Escairón, para a súa revisión polos veterinarios.

Os burros deben atoparse en condicións aptas para participar na CARREIRA DE BURROS.





O persoal veterinario impedirá a participación daqueles animais que non consideren aptos para a carreira de burros.

Quinta. Queda prohibido o uso de freo, fusta, vara ou outros elementos para arrear ao animal, quedando descualificados se o Xurado observa algún tipo de maltrato animal.

Está totalmente prohibido o uso de calzado con espuelas.

Sexta. Os xinetes que participen na carreira deberán levar visible o dorsal que lle entregará a organización no momento da inscrición.

Os participantes non poderán desviarse do percorrido marcado polo concello, leva consigo a descualificación no concurso.

Sétima. No caso de realizar varias tandas de clasificación, os burros que competirán en cada unha delas decidirase por sorteo, antes de comezar a proba.

Oitava. Os participantes deberán obedecer as instrucións que lle indique a Organización durante toda a competición.

Novena. Os xinetes terán un peso máximo de 90 kg.

TIRO DE CORDA

1. O tiro de corda comezará o 9 de agosto ás 13:30 horas e os grupos interesados poderán inscribirse ata media hora antes (13:00 horas).
1. Os grupos participantes deberán estar formados por 5 persoas.
2. Haberá dúas categorías: Infantil (≤ 14 anos) e Adultos (> 14 anos).
3. Está prohibido o uso de calzado con elementos punzantes.
4. Está totalmente prohibo enrolar a corda na man ou calquera outra parte do corpo.
5. A orde dos tiradores realizarase por sorteo, antes de comezar a proba.
6. Os participantes deberán obedecer as instrucións que lle indique a Organización durante toda a competición.

Décima. PREMIOS





1. As contías da participación e os premios imputaranse á aplicación orzamentaria 330,22699 do orzamento vixente para o exercicio 2022. Para potenciar a participación nesta CARREIRA DE BURROS realizarase unha gratificación de corenta euros (40 €) ao propietario de cada burro participante.
2. Establécense os seguintes premios:

A. CARREIRA DE BURROS:

1º Clasificado: 200,00 € + Trofeo

2º Clasificado: 100,00 € + Trofeo

3º Clasificado: 50,00 € + Trofeo

Gañador do premio local: 200 € + Trofeo

B. TIRO DE CORDA:

Adultos:

1º Clasificado: 100,00 € + Trofeo

2º Clasificado: 50,00 € + Trofeo

3º Clasificado: 30,00 € + Trofeo

Infantil:

1º Clasificado: Medallas

2º Clasificado: Medallas

3º Clasificado: Medallas

3. Os premios serán outorgados por un Xurado composto polas seguintes persoas:
 - D^a. Beatriz Rois Castro, concelleira de Cultura e Servizos Sociais.
 - D. Diego Varela López, empregado do concello do Saviño.
 - D. María del Rocío López López, empregada do Concello do Saviño.





O Xurado levantará a correspondente Acta unha vez finalizado o concurso, na que se propoña a concesión de premios.

Décimo primeira. A entrega dos trofeos e medallas realizarase ó finalizar ambas probas no campo da Lama e o premio económico abonarase mediante transferencia bancaria, polo que cómpre que os participantes teñan presentado o certificado bancario e a copia do DNI (nun prazo máximo de 7 días contados dende o día seguinte á competición), co resultado que reflecta a acta asinada polo Xurado o día 09/08/2022, unha vez rematadas as probas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.

